



INFORME DO SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS DE LUGO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL EN RELACIÓN COA SOLICITUDE PRESENTADA CON DATA 17 DE AGOSTO DE 2016 POR D. JOSÉ VALLE DEBASA, EN NOME PROPIO E EN REPRESENTACIÓN DE VARIOS TITULARES DE EXPLOTACIÓN DA PARROQUIA DE MONCELOS (CONCELLO DE ABADÍN)

1. ANTECEDENTES

Con data 18 de febreiro de 2002 foi presentada unha solicitude de concentración parcelaria ao abeiro da Lei 10/1985, de 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, para a parroquia de Santa Mª de Moncelos, Concello de Abadín.

A solicitude acompañábase das sinaturas de 160 propietarios, e informe do Concello.

A zona denominouse Moncelos, número 270198.

Foi seleccionada de entre unha importante carteira de solicitudes para levar a cabo algúns dos traballos previos a decreto e que a continuación se relacionan:

- ST-3700: Proxecto de colaboración de ST para a redacción do estudo de impacto ambiental da parroquia de Santiago de Moncelos (Abadín, Lugo), adxudicado á empresa SIAL INGENIERÍA, S.L. por un importe de 14.200,00 €. Anos 2006-2007.

Ten Declaración de Impacto Ambiental, clave 2009/0011, de 10 de xaneiro de 2012.

No trámite ambiental, cualificouse como sometido a declaración de impacto, que foi publicada polo Anuncio do 7 de febreiro de 2012, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental da concentración parcelaria de Santiago de Moncelos (Abadín), publicada no Diario Oficial de Galicia o día 23 de febreiro de 2012.

Con data 17 de agosto de 2016, presentan unha nova solicitude, esta vez de reestruturación parcelaria de carácter público, amparados na Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia. Acompañan a solicitude 27 sinaturas de titulares de explotación identificados co seu código CEA e 23 sinaturas de propietarios forestais e con outras actividades agrícolas, non inscritos en ningún rexistro oficial ao non existir para propietarios forestais, pero con actividade na zona.

2. DATOS XERAIS DA ZONA

A zona a reestruturar está comprendida dentro do termo municipal de Abadín, máis concretamente na parroquia de Moncelos.

O perímetro da zona comprende a practica totalidade das terras a labradío e monte da parroquia, agrupando 10 entidades de poboación. Os límites administrativos e xeográficos da zona de concentración son as parroquias de Baroncelle e Corvite ao norte (Concello de Abadín), lindando coa zona de concentración de Baroncelle; polo Sur, parroquia de Goá do Concello de Cospeito, lindando por tanto coa zcp de Goá; parroquias de Graña e Vilarente (termo municipal de Abadín) e finalmente polo oeste, coa parroquia de Árbol no Concello de Vilalba (xa concentrada).

A zona conta con 813 ha e dentro do seu perímetro atopamos 10 núcleos de poboación: Os Tarraxis, Zoñan, Xubin, O Valado, Ribela, Moar, As Veiguiñas, A Casabella, Redemuíños e A Cañoteira.





En termos urbanísticos, o Concello de Abadín tan só conta con delimitación de solo urbano, aprobada en xaneiro de 1992. En canto aos núcleos da parroquia de Moncelos, só de de Ribela está delimitado como solo de núcleo rural por resolución do 7 de marzo de 2007 da Dirección Xeral de Urbanismo.

Conta con con 2.367 habitantes segundo o Padrón Municipal de Habitantes de 2019, 1.157 homes e 1.210 mulleres, distribuídos 19 parroquias que compoñen o Concello.

Segundo as campañas de saneamento gandeiro do ano 2020, consultadas á data de emisión do presente informe, o Concello de Abadín conta con 394 establos de vacún e 7.482 animais de >24 meses; o censo total de vacún ascende a 11.409 animais.

No tocante aos pequenos ruminantes, constan 132 estabulacións -algunhas delas coincidentes coas explotacións de vacún- cun censo de animais maiores de 24 meses que ascende a 513. O censo total á data de emisión deste informe é de 655 animais.

Na zona obxecto de estudo, en número de explotacións, a orientación predominante é o vacún tanto de leite como de carne. A solicitude presentada inclúe sinaturas de titulares de explotación identificados polo seu código CEA de explotacións de vacún, pequenos ruminantes e outras orientacións produtivas menos representativas.

Para a análise, comprobaranse os códigos CEA das explotacións coa base de datos que dispón o Servizo de Gandería de Lugo para as campañas de saneamento 2020.

3. ANÁLISE DA PARROQUIA DE MONCELOS E PERÍMETRO A REESTRUTURAR

A parroquia de Moncelos conta cunha poboación (INE, 2019) de 191 habitantes, dos cales 92 son homes e 99 mulleres.

A superficie total está en torno ás 813 ha, segundo os datos do EIA, das cales case 90 pertencen a MVMC. O 43 % da superficie se corresponde con prados e cultivos, hai un 20 % de frondosas autóctonas e un 26 % de cultivos forestais. O resto da superficie corresponde con rede viaria, núcleos, ríos e un viveiro.

A orientación principal é o vacún tanto de leite como de carne. É por iso que para unha primeira avaliación, son estes datos os que se comprobán, xa que as sinaturas corresponden maioritariamente a titulares de explotacións de vacún, seguidos de ovino-cabrún, sendo moitos asinantes titulares de ambas.

Débese facer constar que:

- Na solicitude figuran como sinatarios titulares de explotación hoxe sen actividade na orientación produtiva de vacún, probablemente cuestión esta derivada do tempo transcorrido entre a solicitude e os datos das campañas de saneamento avaliados. Na maioría dos casos, siguen con CEA activo en porcino, aínda que con censos baixos ou inexistentes. En calquera caso serán tidos en conta, ao igual que as sinaturas de persoas que non se adican a actividade agropecuaria, como sinal do reforzo da solicitude.
- No caso de dous solicitantes, non coincide a persoa que asina a petición co titular actual do CEA, probablemente debido a xubilacións, ceses ou traspasos da actividade. En ambos casos a explotación cuxo CEA se consigna figura de alta e activa.
- Nesta parroquia existe unha importante representación de propietarios forestais (16 sinaturas) que manifestan coas súas sinaturas o interese no proceso. Polo seu peso relativo na actividade produtiva desta parroquia, o seu apoio ao proceso resulta fundamental sobre todo para conseguir resultados óptimos de cara a unha ordenación eficiente e axeitada dos usos e aproveitamentos.
- Como carácter particular e diferenciador, nesta parroquia aséntase un viveiro, que tamén amosa a súa conformidade co proceso.





En síntese, e á vista dos datos de censos gandeiros, e para continuar co criterio establecido na análise doutras parroquias, consideranse a efectos de avaliación aquelas explotacións incluídas nas campañas de saneamento (vacún de leite e de carne), pola súa dimensión e posible orientación de mercado, deixando fora do estudo as orientacións produtivas minoritarias (porcino, apicultura e equino) e incluíndo neste caso aos pequenos ruminantes, ou non vinculadas a base territorial.

Táboa 1: Explotacións de vacún

LUGAR	N.º Explotacións totais	N.º Explotacións asinantes	Porcentaxe
Moncelos	17	17	100 %
Vacún de carne	11	11	100 %
Vacún de leite	6	6	100 %

Malia ser as explotacións de vacún de leite menores en número, congregan a maior parte do censo, sendo que as explotacións de vacún de carne teñen en xeral censos moi baixos ou incluso inexistentes, polo que o seu peso relativo sobre o total a día de hoxe é baixo.

Táboa 2: Censos de vacún

Parámetro	Tipoloxía	Censo	Censo explotacións asinantes	Porcentaxe
Censos vacún >24 meses	Moncelos	279	279	100 %
	Vacún de leite	248	248	100 %
	Vacún de carne	31	31	100 %
Censos totais	Moncelos	390	390	100 %
	Vacún de leite	346	346	100 %
	Vacún de carne	44	44	100 %

En canto ás capacidades, as dimensións son variables, oscilando no caso de vacún de leite entre 14 animais de máis de 24 meses aos 67. No caso do vacún de carne, a de maior dimensión conta con 16 vacas e 7 xatos á data de emisión deste informe.

Táboa 3: Explotacións de pequenos ruminantes

LUGAR	N.º Explotacións totais	N.º Explotacións asinantes	Porcentaxe
Moncelos	12	10	83,3 %

Táboa 4: censos de pequenos ruminantes >24 meses (carne)

LUGAR	Censo total	Censo explotacións asinantes	Porcentaxe	Variabilidade de censo
Moncelos	45	44	98 %	Censos non significativos en xeral





En síntese, a ampla maioría de titulares de explotacións gandeiras de vacún e ovino cabrún amosan o seu interese en iniciar un procedemento de reestruturación parcelaria.

4. CARGAS GANDEIRAS


Analízase a continuación a carga gandeira referida ao gando vacún, así como o número de explotacións que contan con máis de 10 cabezas, para filtrar aquelas que teñen unha orientación máis adicada ao autoconsumo ou testemuñal.

Considerase 0,4 UGM para os animais de 1-12 meses e 0,6 UGM os animais de 12-24 meses

Parroquia	Superficie (ha)	Explotacións >10 cabezas	Reprodutores	12-24 meses	0-12 mese	UGM
Moncelos	813	7	279	37	74	330,8


Para unha correcta interpretación dos datos, non se debe considerar a superficie total da zona posto que existen outros usos distintos dos terreos agrícolas (forestal, urbano, mato) que non están sendo obxecto de aproveitamento para a actividade agrícola e gandeira así como outros que en virtude dos informes e consideracións da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental son propostos para a exclusión do proceso de reestruturación, como por exemplo o MVMC ao que a DIA se refire como "non se afectará aos terreos cualificados como MVMC". Dos estudos realizados, estímase que do total da parroquia, unha superficie aproximada de 350 ha están vinculadas a usos agrícolas e gandeiros. As cargas gandeiras polo tanto ascenden ata aproximarse á 1 UGM/ha.

A seguinte imaxe (**Imaxe 1**) recolle os usos do solo da parroquia, segundo o disposto no SIOSE (Sistema de Información sobre Ocupación del Suelo de España)





A continuación, a **Imaxe 2** recolle o parcelario existente sobre usos e ortofotografía, de elaboración propia. Inclúe as zonas de exclusión propostas



5. EXPERIENCIAS PREVIAS DE REORGANIZACIÓN DA PROPIEDAD


No Concello de Abadín leváronse a cabo 5 procesos de concentración parcelaria e hai un proceso a maiores que se atopa en estado paralizado (Galgao). Da superficie total do Concello, 19.600 ha, hai 2.982 ha concentradas, o que supón un 15 % da superficie total do termo municipal.

ZONA	TIPOLOXÍA	SUPERFICIE (HA)	PROPIETARIOS	PARCELAS	FINCAS	ESTADO
Quende	Pública	971	326	2201	898	Rematada
Fraias	Pública	187	821	5927	183	Rematada
Baroncelle	Pública	635	343	3101	602	Rematada
Candia	Pública	533	187	1114	311	Rematada
Fanoi	Pública	656	271	2506	571	Rematada





Imaxe 3: as zonas marcadas en cor verde correspóndense coas zonas concentradas (Fonte: <http://mapas.xunta.es>)



6. CONSULTA ABERTA A TODAS AS PERSOAS INTERESADAS

Co fin de dar cumprimento o artigo 7.4 da *Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria*, A Consellería do Medio Rural publicou unha consulta aberta a todas as persoas físicas ou xurídicas interesada coa finalidade de coñecer a súa opinión sobre a iniciativa e propostas de mellora.

Para tal fin, con data 6 de xullo de 2020 realizouse unha publicación na páxina web da Consellería de Medio Rural e habilitouse un enderezo web (infraestructuras.agrarias.lugo@xunta.gal) para que, durante un prazo de 15 días hábiles calquera persoa puidera manifestar o que tivera por conveniente sobre o particular.

O dito prazo finalizou o día 24 de xullo de 2020, recibíndose 8 escritos de persoas propietarias e/ou interesadas, afectadas polo proceso. En xeral, manifestan unha boa acollida a un proceso de reorganización da propiedade, xustificando o cumprimento dos obxectivos que a Lei 4/2015, de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia recolle no seu articulado. As suxestións recibidas serán analizadas, avaliadas para ser recollidas á hora de elaborar os sucesivos estudos que sexan precisos.

7. CONCLUSIÓN

Dos datos avaliados pódese deducir que a reestruturación parcelaria é desexada pola ampla maioría dos titulares de explotacións de vacún tanto de leite como de carne, orientacións principais. No caso concreto desta parroquia, reforza a solicitude o feito de que asinaran a mesma os propietarios forestais ou doutras orientacións produtivas





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral
de Desenvolvemento Rural

Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo
Ronda da Muralla 70, baixo 1
27071 Lugo
982 294493



máis minoritarias, unido ao recollido nos escritos recibidos durante a fase de consulta, indican que – a priori – podería existir un alto grao de aceptación social do proceso.

Sería preciso unha análise mais exhaustiva dos territorios a concentrar, vinculación e relación entre as parroquias, usos, etc. co fin de determinar a idoneidade de reestruturar as zonas solicitadas en conxunto ou de xeito individual.

A xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo

María Pérez Folgueira

(Asinado dixitalmente)



Xacobeo 2021

